

## En relación cos resultados da enquisa de Clima

### Algunhas cuestións que chaman a atención

- A elevada participación: o 75% do cadro de persoal, un punto máis que na realizada no 2006.
- O punto máis negativo é o que se refire á “utilidade da enquisa”: só o 34% dos enquisados pensa que serve para algo.
- Os “máis satisfeitos” son os mozos e mozas.

### Consideracións á enquisa

- Na presentación que se fixo ás representacións sindicais, aparecía en vermello como **cuestión para reforzar “a conciliación da vida persoal e profesional”**; curiosamente, este dato, e outros tamén relevantes, non figura entre os resultados publicados. A COMFIA-CCOO negóusenos o seu coñecemento pois, segundo a empresa, a súa interpretación individual podería falsear os resultados xerais.
- Das 89 afirmacións expostas, só unha facía referencia ás cargas de traballo. O seu resultado tamén se descoñece.
- A valoración da enquisa faise en comparativa coa media dos resultados doutras que se fan no sector financeiro; dato de dubidosa fiabilidade, xa que as enquisas se deseñan para cada empresa segundo os seus propios intereses, non se trata dun sistema homologado e único.

### Banco Sabadell non coñece o que lle inquieta ao cadro de persoal

É grave que a empresa diga que actuou na corrección sobre as deficiencias detectadas na enquisa do ano anterior e que, en cambio, a maioría dos empregados crea que a enquisa non serve para nada. Iso significa que ou ben o persoal non percibiu as correccións que fixo Banco Sabadell, ou ben as súas inquietudes non coinciden coas da empresa.

A finais de 2006, a empresa realizou a Avaliación de Riscos Psicosociais por requirimento da Inspección de Traballo tras a denuncia interposta por CCOO.


O resultado desa enquisa oficial (método do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo) **detectou, entre outros, riscos moi graves por “exceso de carga mental” (cargas de traballo) e déficit de formación.**

### Trátase dunha enquisa de opinión, e esta pode estar mediatizada pola información que recibimos

Dunha batería de 18 solucións expostas por COMFIA-CCOO no seo do Comité Estatal de Seguridade e Saúde (CESS), a empresa só considerou prioritario actuar sobre a formación dos empregados. Porén, a día de hoxe aínda estamos esperando que o faga. A pesar diso, un 60% dos participantes na enquisa de Clima manifestan estar satisfeitos no que fai ao “desenvolvemento profesional e formación”. Non estaremos diante dunha nova versión do “mito da caverna” de Platón?

Novembro de 2008

Conéctate á nosa web: **People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

<b>Boletín de afiliación</b>	Enviar a ➔	<b>3532-0002 CC.OO.</b>	Sinatura
Nome .....	Ofi.:		
Domicilio .....			
Poboación .....	C.P.:		
Cta. de cargo .....			DNI
			Data / /

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— a CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para que remita información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Setes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a [lopd@cco.es](mailto:lopd@cco.es) ou chamar por teléfono ao 917028077.